



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

24b  $\boxed{4}$   $\boxed{1}$  VII  $\boxed{1}$

Vilares, Piquín, Ribeira de Piquín. Decembro 1979.

VIOLÍN:





1) *I*el cha-ma-ba-se Cris-to-vo un dé-a ven-deu a gai-ta



e en-ja-dou-sell'a mu-ler por-que lle fa-cí-a fet-ta

variantes estróficas:



\*) tempo rubato. En case tódalas estrofas  
*acelerando* no 2º verso, *ritardando* ó final do 3º verso.

A Fonsagrada I,1,697. Florencio 65.

L: 13e.

\*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



*IV 13e*

I el chamábase Cristovo,  
i un día vendeu a gaita,  
e enfadóuselle a muller  
porque lle facía falta.

“Pois non te enfades, muller,  
porque che vendín a gaita,  
vendina porque era vella  
e taba toda estropeada.”

“Pois boa cousa ficeches,  
sei que te tentou o demo,  
xa podes marchar da casa  
que eu sin gaita non te quero.”

“Pois non te asustes, muller,  
porque che vendín a gaita,  
hei de comprar outra nova  
aunque empenémola casa.”

Ó outro día Cristovo  
veu ó escurecer pra casa,  
saliulle a muller á porta,  
por ver se levaba á gaita.

E así lle viu a nova  
botoulle a mau ó punteiro:  
“Esta si que che é graciosa,  
tirulero, meu gaiteiro.”

“Pois esta noite, muller,  
hámola tocar un pouco,  
bailarémola jotaña  
se o permite San Antonio.”